



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE OUTUBRO DE 2018

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para executar obras de nova planta para a construción dunha nave destinada a actividade de loxística-distribución-transporte na Avda. de Extremadura, 6 (parcela H1c02a) do Polígono Industrial da Sionlla. LAP/167/2018. Apróbase a proposta.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción de 2 vivendas pareadas nas parcelas V 4.1 e V 4.2 no SUNP 5 - A Muiña. LIC/1828/2011. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción de nave na rúa Castela e León, 13. LIC/955/2018. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda en lugar Bar de Arriba, 5. LIC/1542/2017. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de muro de contención en rúa de Vidán, 62. LIC/62/2017. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para rehabilitación de vivendas e alpendres para albergue turístico no lugar de Vilamaior - Lavacolla, 11. LAP/357/2017.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de demolición de construción existente na rúa Cima da Eira, 24. LIC/56/2018. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da inclusión na LIMIAR de 10 edificios co grao absoluto de implicación. Apróbase a proposta.**

**10.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á desestimación de alegacións presentadas no expediente "Mellora de seguridade viaria na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase)".** Acórdase desestimar as alegacións presentadas pola empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SA contra o acordo da Xunta de Goberno de 23 de marzo de inicio do expediente por incumprimento do contrato de execución das obras, imponéndolle unha sanción de 1.025 euros polos 41 días de atraso acumulados na execución dos traballos.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa a dar conta da suspensión do inicio das obras de "Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela".** Dase conta da suspensión do incio das obras entre os días 10 de agosto e 21 de setembro deste ano.

**13.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE RESTAURACION Y HOSPEDAJE DE SANTIAGO para promover accións piloto no eido do proxecto Atlantic Social Lab.** Dase conta.

**14.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA DE SANTIAGO para o ano 2018.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 50.000 euros.

## **URXENCIAS**

**1.-Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 6.000 euros.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á encomenda a Tussa da posta a punto do aparcadoiro da rúa do Olvido e da resolución da problemática de realoxo provisorio derivado das obras de reurbanización de Castrón Douro.** Acórdase encargar a Tussa a posta a punto do aparcadoiro da rúa do Olvido, así como a resolución da problemática de realoxo provisorio, autorizando o uso do aparcadoiro do Olvido para a posta a disposición das súas prazas públicas e para a súa xestión durante o prazo que dure a obra, previsiblemente dous meses. A utilización das prazas que se poñen a disposición deberá ser abonada polo contratista, que é quen ten a obriga de sufragar o realoxo.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á imposición dunha sanción á empresa encargada das obras de rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS 2016).** Acórdase impoñer á empresa Obras y Viales Cerne SL unha sanción de 5.767,20 euros pola demora de 267 días acumulada na execución das obras.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recoñecemento de obrigas por anticipos a conta á empresa Autocares Rías Baixas SL.** Acórdase recoñecer a contía global de 197.438,03 euros á empresa Autocares Rías Baixas SL como obriga do Concello pola compensación anual de entregas a conta desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xaneiro de 2018, que supón tres pagos trimestrais de 49.359,51 euros e unha derradeira entrega por importe de 49.359,50 euros.

**5.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización do Obradoiro de Emprego "Creas".** Acórdase aceptar a subvención, por un importe de 288.807 euros. O Concello cofinanciará o obradoiro de emprego cunha achega de 60.000 euros.